Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/19
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:16 horas do día 9 de outubro de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES
- D. Juan Carlos García Barreiro
- Dª. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:
Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 28 de setembro de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 28 de setembro de 2026.

2º. Licenzas urbanísticas e títulos habilitantes

2.1. Comunicación previa de actividade de apartamentos turísticos dunha chave constituídos por catro cabanas e peche frontal e solicitude de licenza de obras para a sua construción. Exp: 2025/U019/000004

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO:**COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS DUNHA CHAVE CONSTITUÍDOS POR CATRO CABANAS E PECHE FRONTAL E SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS PARA A SUA CONSTRUCIÓN. EXP: 2025/U019/000004**

Vista a solicitude de licenza de edificación para tres cabanas para uso turístico de natureza, presentada o 16/10/2024 con rexistro nº 202499900000805 por Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL, no lugar de Colantres na parcela con referencia catastral 6805506NH6960N0001XK , segundo Proxecto básico asinado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG.

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 28.09.2026, que literalmente di:

“INFORME TÉCNICO. **EXP: 2025/U019/000004**

DATA:	RE-999_805 (16/10/2024) – RE-999_584 (08/09/2025) – RE-999_671 (11/09/2025) – RE-999_783 (29/09/2025) – RE-999_152 (11/03/2026) – RE-999_199 (27/03/2026) – RE-999_622 (10/06/2026) – RE- 999_970 (18/08/2026) – RE-999_97 (18/08/2026) – RE-999_1048 (10/09/2026)
ASUNTO:	COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS DUNHA CHAVE CONSTITUÍDOS POR CATRO CABANAS E PECHE FRONTAL E SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS PARA A SUA CONSTRUCIÓN.
INTERESADO:	ARCOMAR DESARROLLOS INMOBILIARIOS SL (****22***)
PRESENTADOR:	Antonio Ferreiro Novo (****46***) / Ana Maria Iglesias Reboredo (****70***)
SITUACIÓN:	Colantres SN
REF. CAT.:	6805506NH6960N0001XK (NR) - parte rústico 15027A502004460000RU
DOCUMENTACIÓN:	“*Versión refundida y subsanada del PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DE CUATRO CABAÑAS DE USO TURÍSTICO DE NATURALEZA*” Resposta ao requirimento 18/08/2026
ORZAMENTO:	88.501,54€
SUPERFICIES:	SUP. PARCELA: bruta: 1796,54m2 SUP. CONSTRUIDA: 228,20m2 SUP. COMPUTABLE: 200,08m2 SUP. OCUPADA: 149,60m2
ALTURA:	ALTURA: 6,52m

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TÉCNICOS:	REDACTOR: Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG.
DIRECTOR OBRA:	Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG.
DIRECTOR EXECUCIÓN:	-
COORD. SEG. E SAÚDE:	-
SERVIZOS:	Segundo proxecto a parcela conta no seu fronte con rede de abastecemento e de sumidoiros municipais
SUP. CESIÓN:	42,75m²
TAXA:	50€+50€ (30/09/2025)
ICIO (3,5%):	3.097,55€ (13/08/2026)

Iria Perez Miranda, arquitecta superior colexiada numero 3194 do COAG, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coiros e os antecedentes en relación ao citado expediente consistentes en:

1º/ Con 999_805 (16/10/2024) Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega solicitude de licenza de edificación para tres cabanas para uso turístico de natureza, no lugar de Colantres na parcela con referencia catastral 6805506NH6960N0001XK achegando a seguinte documentación:
- Solicitude de licenza de edificacións
- Acreditación de representación
- Escritura do predio
- Xustificante de solicitude de informe a Area Provincial de Turismo da Coruña (RE2024/2982268 16/10/2024)
- Proxecto básico asinado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG
- Planos do proxecto básico

2º/ Con RE-999_584 (08/09/2025) Antonio J. Ferreiro Novo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Etiqueta de eficiencia enerxética de proxecto
- Oficio de nomeamento de director de obra a Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG
- Copia a instancia de aportación de documentación indicando expediente municipal 2023/U019/000001
- Escritura de propiedade do predio
- Escritura de constitución da sociedade ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL
- Acreditación de representación

Autoriza a descarga do COAG do traballo 2503561,3. Descarga solicitada o 11/09/2025.

3º/ Con RE-999_671 (11/09/2025) Antonio J. Ferreiro Novo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Folla de estatística de edificacións e vivenda

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

4º/ Con data 16/09/2025 a técnico que subscribe emite un informe de requirimento solicitando unha serie de aclaracións/ subsanacións.

5º/ Con RE-999_783 (29/09/2025) Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR (B44722809) achega ao expediente a seguinte documentación:
- ANEXO I_Modificación e actualización_memoria (non visado)
- ANEXO II_Modificación e actualización_planos (non visado)
- Declaración reponsablle asinada polo promotor
- Oficio de dirección de obra
- Informe previo sde Turismo
- Xustificante de presentación ante Turismo das modificacións
- Escrito de resposta ao requirimento
- Acreditación de representación

Indica a autorización de descarga do traballo 2503561.3. Esta documentación xa foi achegada no 999_671 (11/09/2025).. Non permite a descarga de documentación xa descargada.

6º/ Con RE-999_875 o 24/10/2025 Dª. Ana Maria Salgado en representación de ARCOMAR achega ao expediente a seguinte documentación:
- Informe previo emitido por Turismo de Galicia para apartamentos turísticos dunha chave formados por catro cabanas.

7º/ Con data 25/02/2026 a técnico que subscribe emite un informe de requirimento solicitando unha serie de aclaracións/ subsanacións.

8º/ Con RE-999_152 (11/03/2026) Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL solicita ampliación do plazo para a preparación e aportación da documentación requirida.
9º/ Con RE-999_199 (27/03/2026) Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Acreditación de representación
- Escrito de resposta ao requirimento

Indicación de descarga do COAG do expediente 2503561 traballo 4. Solicitase a descarga o 21/05/2026. Descargase: Modificación do proxecto básico e proxecto de execución de construción de catro cabanas para uso turístico de natureza redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG. Descárgase o documento visado denominado “Versión refundida y subsanada del PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DE CUATRO CABAÑAS DE USO TURÍSTICO DE NATURALEZA” redactada polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG, indicando os apartados que recollen modificacións de data marzo 2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

10º/ Con RE-999_622 (10/06/2026) Ana Maria Iglesias Reboredo en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Escrito de aclaración de erratas.

11º/ O 28/07/2026 a técnico que subscribe emite informe de requirimento solicitando unha serie de aclaracións/ subsanacións.

12º/ Con RE- 999_970 (18/08/2026) Ana Maria Iglesias Reboredo (****70***) en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Instancia de achega de documentación
- Acreditación de representación
- Escrito asinado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo no que da resposata ao requirimento achegado e integra un Anexo II de subsanacións

13º/ Con RE-999_97 (18/08/2026) Ana Maria Iglesias Reboredo (****70***) en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL achega ao expediente a seguinte documentación:
- Instancia de achega de documentación
- Acreditación de representación
- Xustificante de pago do ICIO

14º/ o 07/09/2026 a técnico que subscribe emite un informe de requirimento indicando que a documentación acehegada que modifica un proxecto de execución debe vir visada.

15º/ Con Re-999_1048 Ana María Iglesias Reboredo (****70***) en representación de ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL aporta documentación achgeando acreditación de representación e autorizando a descarga do COAG do expediente 2503561 traballo 5. Solicítase o 22/09/2026.
Obran no expediente os seguintes arquivos descargados:
- Aclaración técnica por subsanación de erratas expediente de solicitude de licenza urbanística de obras para construción de catro cabanas de uso turístico de natureza.
- Resposta a requirimento expediente de solicitude de licenza urbanística de obras para construción de catro cabanas de uso turístico de natureza.
Emite o seguinte **INFORME:**

1.- OBXECTO E INTEGRIDADE DOCUMENTAL

Segundo a documentación achegada preténdese o desenvolvemento dunha actividade turística coa construción de catro cabanas (apartamento turístico de 1 chave) na parcela con referencia catastral 6805506NH6960N0001XK (NR) - parte rústico 15027A502004460000RUno lugar de Colantres.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Polo tanto ábrese un expediente de COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE, no que se tramitara a LICENZA DE EDIFICACIÓN para as obras solicitadas: catro cabanas e peche cara o viario ao que da fronte a parcela cun rastrelado de madeira, mediante listóns de madeira natural colocado en vertical separados 10cm. O resto dos peches realizaranse con arbusto (especies autóctonas).
Achégase declaración responsable asinada po Carlos Boado Presas en representación de Arcomar Desarrollo Inmobiliario SL de que cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico e que cumpre en todos os seur termos coa ordenación urbanística de aplicación.

Na documentación achegada descríbese a actividade como catro cabanas de uso turístico, encadrándoas no CNAE 5520: Aloxamento turísticos e outros aloxamentos de curta estancia, con IAE 685: Aloxamento turísticos extrahoteleiros.
Deberá achegar antes do inicio da actividade alta no IAE da actividade.
Debendo solicitar a alta no padrón de lixo

ICIO
Achega xustificante de pago do ICIO

INFORME PREVIO DA AREA PROVINCIAL DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA
No expediente obra Informe previo emitido por Turismo de Galicia para apartamentos turísticos dunha chave formados por catro cabanas.

VISADO:
O interesado achega a aclaración técnica e a contestación ao requirimento visado asinado polo arquitecto Antonio Ferreiro Novo e visado polo COAG 2503561,5 o 09/09/2026

DATOS:
A parcela conta con terreos clasificados como solo rústico e terreos dentro da delimitación do núcleo rural de Colantres.
SUPERFICIE DE PARCELA:
Segundo o proxecto asinado polo arquitecto
Sup. Segundo catastro: 6805506NH6960N0001XK (NR) : 1.587m^2 . 15027A502004460000RU (SR): 2591m2 = 4.178m^2
Sup. Segundo escritura: 4.275m^2
Sup. Segundo proxecto: NR: 1.796m^2

SUPERFICIES EDIFICACIÓN SEGUNDO PROXECTO:
Segundo a documentación descargada do COAG en maio de 2026 as superficies das catro cabanas son:

		SUP ÚTIL (m²)	SUP. CONSTRUÍDA(m²)	SUP. COMPUTABLE(m²)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

CABANA 1 C1	PA	17,73	24,22	22,18
	PB	26,75	44,80	35,79
CABANA 2 C2	PA	13,82	15,08	17,17
	PB	17,23	30,00	24,90
CABANA 3 C2	PA	13,82	15,08	17,17
	PB	17,23	30,00	24,90
CABANA 3 C1	PA	17,73	24,22	22,18
	PB	26,75	44,80	35,79
TOTAL		151,06	228,20	200,08

CESIÓNS PARA A REGULARIZACIÓN VIARIO:

Indicase na documentación achegada a cesión dos terreos necesarios para a regularización de viais 42,75m² situados fora da aliñación oficial a 5m do eixo do vial ao que da fronte.

Os terreos fora da aliñación oficial deberan cederse a rasante do viario ao que dan fronte sen interromper o curso das augas pluviais.

SERVIZOS:

Segundo o proxecto achegado a parcela conta con rede de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Antes do inicio da actividade debera contar con contrato coa empresa concesionaria das redes e licenza de vertido. A rede de sumidoiros na fronte xa se atopa en funcionamento. As augas pluviais resolveranse no interior do predio.

2. - RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN:

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)

2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).

3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

4- Plan Básico Autonómico. D. 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia

5- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia

6- D. 12/2017, de 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de usos turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

7- Instrución interpretativa 1/2017, de 9 de maio, para a aplicación do D. 12/2017.

RÉXIME URBANÍSTICO:

A parcela obxecto do presente informe atopase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coiros como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa ordenanza de EXTENSIÓN de núcleo rural, tendo unha porción en solo rústico que non computa a efectos edificatorios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento* establece no apartado 2.c) *Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo,..*

3. CUMPRIMENTO DO RÉXIME URBANÍSTICO:

COMPATIBILIDADE URBANÍSTICA DO **USO**

USO:

O uso previsto de "Catro cabanas para uso turístico de natureza" (apartamento turístico dunha chave) encadrase no uso Residencial comunitario e hoteleiro recollido no capitulo III do Titulo V do PXOM de Coiros.

Anexo achegado xustifica o cumprimento das determinacións establecidas no capitulo III do Titulo V do PXOM de Coiros.

A ordenanza de extensión de núcleo rural define como uso permitido o "Uso residencial na especialidade de turismo rural e agroturismo (hoteis balneario, de natureza e rústicos que se contemplan no D. 267/1999 de 30 de setembro ou norma de rango equivalente ou superior que a substitúa).

O Decreto 267/1999 esta derogado estando en vigor a normativa indicada no apartado precedente.

A Lei 7/2011 recolle o artigo 55 os tipos de establecementos turísticos, incluíndo os apartamentos Turísticos, definidos nos artigos 64 e 65 desta Lei.

O Capitulo II do D. 12/2017 establece a regulación dos apartamentos e vivendas turísticas.

Obra no expediente informe previo da area provincial da axencia de turismo de Galicia.

O uso "Catro cabanas para uso turístico de natureza" é un uso permitido na ordenanza de extensión de núcleo.

OBRAS:

As obras pretendidas descritas na documentación achegada son a execución de catro cabanas situadas na parcela de baixo e unha planta.

O proxecto deberá incorporar claramente para cada unha das cabañas: superficie construida (solo incorporando cerramentos), superficie útil (superficie útil considerando o cumprimento de alturas e volumes mínimos consonte o D29/2010) e superficie computable (superficies con más de 1,8m de altura).

Achégase a continuación o cumprimento dos parámetros que lle son de aplicación:

ORDENANZA DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO RURAL		
PARÁMETRO	**PXOM**	**PROXECTO**
Tipoloxía	Edificación de carácter illado	4 cabanas illadas CUMPRE
Condicións de parcelación.	2.000m². En calquera caso admitiranse como mínimas as preexistentes á aprobación inicial do presente PXOM aínda que non acaden a superficie	Parcela bruta en núcleo rural segundo proxecto 1796m2. Cumpre as condicions para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

			fixada sempre que teñan unha superficie mínima de 1000m², dispoñan de un fronte mínimo de 8m e permitan a inscrición dun circulo de 10m de diámetro.	excepcionalidade. CUMPRE
Posición			edificacións: 3m a aliñación	Cumpre os recuados. Fixa a aliñacion a 5m do eixo.
			edificacións: 3m a lindeiros	
			Peches: 4/5m a eixo	
Volume e edificación	Ocupación máxima		10%	149,60/1796m² = 8,33% <10%. CUMPRE
	Edificabilidade máxima		0,2m²/m²	200,08/1796m² =0,1012m²/m² < 0,2m²/m² CUMPRE
	Altura máxima.		7m (2P)	6,4m – 6,52m CUMPRE
	Sotos, semisotos cubertas.	Sotos	Baixo rasante	-
			Sobresaír máx 1m	
			Non está permitido o uso vivenda	
			Altura libre ≥2,2m	
			Non computan edificabilidade	
		Semisotos	A zona do soto que sobresae máis de 1m computa edificabilidade. m²	-
		Cuberta	Faldróns rectos	CUMPRE
		Altura máx, cumbreira	3,60m	1,06m CUMPRE
		Pendente	<30º sen crebas	30º sen crebas CUMPRE
		Bufardas e mansardas	Non se permiten	-

Outras disposicións particulares:

A ordenanza de aplicación remite para os usos non residencias ao cumprimento dos parámetros de uso que establece para o uso residencial comunitario e hoteleiro no artigo 92 do PXOM que se disporá de unha praza de aparcadoiro por cada 80m² de local destinado a hospedaxe ou por cada 3 dormitorios si resultase un numero maior.

228,20m² / 80m² = tres prazas. Catro dormitorios= 2 praza.

Reflictense 3 prazas no plano U02

Edificacións auxiliares::

Non e o caso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ADAPTACIÓN AO AMBIENTE:

O proxecto no apartado denominado revisado 07.02 transcribe:

- artigo 91 da LSG
- artigo 165.6 do PXOM
- extracto da guía de cores de Galicia. Non se determina ningunha das cores establecidas na carta de cores R06 referente ao Golfo Ártabro propondo unha cor negra.

Xustifica a elección de cor.

Establecidos no artigo 165.6-*Condicións estéticas* de solo de núcleo rural do PXOM e 91- A*daptación ao ambiente e protección da paisaxe* da LSG:

<table>
<tr><td colspan="3">CONDICIÓNS ESTÉTICAS</td></tr>
<tr><td colspan="2">PXOM:</td><td>PROXECTO</td></tr>
<tr><td colspan="3">Os tipos de construcións deberán ser adecuados ás súas condicións de edificacións propias do medio rural, para o que danse as seguinte limitacións:</td></tr>
<tr><td colspan="2">Manter a escala. Sup en planta <250m²</td><td rowspan="5">No anexo achegado o redactor xustifica a adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. Artigo 91 e 165 do PXOM: “Se siguen los criterios y las recomendaciones publicadas tanto en la Guía de buenas prácticas para la intervención en los núcleos rurales (editado por la Xunta de Galicia) como en la Guía de colores de Galicia (editada por la Xunta de Galicia y el Colegio de Arquitectos de Galicia), tanto para que la edificación (objeto de proyecto) alcance la integración y el equilibrio con el paisaje y el territorio existente como para que los materiales y colores de la edificación sean los adecuados.”</td></tr>
<tr><td colspan="2">Características tipolóxicas. Prohibidas as bufardas, cubertas con crebas e outras características de edificacións urbanas</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Materiais. Compatibles co medio rural. Prohíbese:</td><td>Fachada: bloques de formigón sen revestir, tixolo cara vista, plaqueta cerámica,...</td></tr>
<tr><td>Cuberta: Fibrocemento cor gris, pranchas metálicas,..</td></tr>
<tr><td>Peches de parcela: altura máxima 1,5m e criterios de acabado de fachada CUMPRE</td></tr>
<tr><td colspan="2">LSG. Adaptación ao ambiente e a protección da paisaxe, (art 91)</td><td>PROXECTO</td></tr>
<tr><td colspan="2">As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</td><td rowspan="3">Buscando una solución alineada con las prioridades de la propiedad, con las condiciones específicas del lugar y los criterios de impacto visual, tras un análisis técnico y contextual se propone una alternativa diferente con el color RAL 9005 Negro Azabache, siguiendo una serie de consideraciones particulares del proyecto que, a juicio del estudio técnico, superan las recomendaciones generales de la guía de buenas prácticas. Estos aspectos son:
Integración visual y mimetismo con el entorno.
Aunque parezca contradictorio, el color negro permite la integración en entornos de montaña, ya que facilita que la construcción se mimetice en el plano del paisaje, simule un camuflaje natural y al no reflejar luz, las cabañas se convierten en siluetas que se funden con el follaje de los árboles.</td></tr>
<tr><td colspan="2">a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de caracter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</td></tr>
<tr><td colspan="2">b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das constru20/ccións , muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia</td></tr>
</table>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	*Protagonismo del paisaje.* *Al hacer que el edificio pase a un segundo plano, el color negro permite destacar el paisaje circundante (árboles, vegetación y vistas). Se toma la arquitectura como un marco sutil para la naturaleza, no una interrupción.* *Absorción del calor* *El color negro es el color que más absorbe la radiación solar, así en invierno ayuda a calentar ligeramente la fachada y el espacio interior, contribuyendo a la eficiencia energética y reduciendo la necesidad de calefacción durante el día.* *Mantenimiento y envejecimiento* *Se puede contar con el beneficio de un discreto envejecimiento siendo un acabado mate que reduce la necesidad de mantenimiento constante. Además, el acabado negro aporta un carácter de elegancia y modernidad, confiriendo a la arquitectura una expresión de sencillez y atemporalidad que contrasta de manera armoniosa con la rusticidad del entorno.* *Expresión arquitectónica y estética.* *Las cabañas son construcciones con líneas sencillas y volúmenes puros, y con el color negro se enfatiza la geometría y la forma del edificio convirtiéndolo en objetos monolíticos y escultóricos.*
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados	
e) Queda prohibida a publicidade estática polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpran as anteriores prescripcións	
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	

PECHE:

A descrición do peche que conten a documentación achegada e : “Como cierre de parcela se proyecta (en el frente con la via publica) un enrastrelado de madera, mediante listones de madera natural colocados en vertical, separados 10cm entre si. En el resto de lindes de la parcela se proyecta delimitar el terreno mediante la plantacion de arbusto (especies autóctonas)”.

O peche frontal sitúase sobre a aliñación oficial a 5m do eixo. Segundo a descrición achegada semella un peche diáfano, polo que a altura máxima de calquera elemento e de 2m. No caso de realizar parte de peche cego a sua altura máxima será de 1,5m e debera quedar completamente rematado.

O peche vexetal segundo o anexo 1 do PXOM de ordenanza reguladora de plantación e tala de arborado debera separarse 50cm e terá unha altura máxima de 2m. Polo tanto o peche cara o vial posterior debera recuarse 50cm da aliñación oficial situada a 4m do eixo, e o peche aos lindantes 50cm do linde.

ALIÑACIÓNS E CESIÓN DE VIARIO:

A aliñación segundo o PXOM para o viario ao que da fronte o predio situase a 5m do eixo do vial debera achegar plano coa situación da aliñación sobre o predio (non a 4m), e conforme ao artigo 24 da LSG proceder a cesión dos terreos para regularización de viais que deberas estar acoutados e superficiados. Este aspecto foi corrixido.

Os terreos fora da aliñación oficial deberan cederse a rasante do viario ao que dan fronte sen interromper o curso das augas pluviais.

4. CONDICIÓNS HIXIÉNICAS E SANITARIAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Segundo a documentación achegada a parcela conta con rede de abastecemento e rede de sumidoiros municipal.
Previo ao inicio da actividade debera achegar copia do contrato coa empresa concesionaria das redes, e debera dar de alta a actividade no padrón de lixo.
Indicase na memoria que non existe ningún posto de traballo.

5.- CONDICIÓNS ESTÉTICAS:

Tal como se indica no apartado previo de adaptación ao ambiente ademais de transcribir os artigos deberase recoller unha xustificación referente ao proxecto concreto.

6.- .- SEGURIDADE:

6.1. SEGURIDADE ESTRUTURAL:

O proxecto asinado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG e visado polo colexio oficial recolle apartado de seguridade estrutural e memoria de calculo, asi como planos estruturais.
O arquitecto asina a información xeotécnica.

6.2. PROTECCIÓN CONTRA O LUME:

O proxecto achega apartado xustificativo do documento DB SI do CTE, xustificando o referente as vías de evacuación, percorridos e instalacións precisas (extintor en cada cabana). Indicase a non existencia de locais de risco especial. E indicase que a reacción ao lume dos elementos construtivos cumpre C-s2,d0.
Achegase táboa indicando que as paredes delimitadoras dos sectores de incendios deben cumprir EI 60, ao igual que a estrutura debe cumprir R60. Achega xustificación de resistencia ao lume da estrutura con sistema CTL asinado polo arquitecto redactor indicando que o cálculo está feito de forma individual para a cabana de maior dimensión.
O alumeado de emerxencia reflíctese no plano de electricidade.
Coa documentación final de obra e solicitude de inicio de actividade achegarase certificado da empresa instaladora da protección contra incendios e contrato de mantemento.

3.3. SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN:

No anexo I achega xustificación do cumprimento do Documento básico SUA xustificando todos os seus apartados.
Comprobarase que as carpinterías cumpren o disposto no CTE DB SUA respecto a impacto con elementos fráxiles e insuficientemente perceptibles.

6.4. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O proxecto achega estudio básico de seguridade e saúde subscrito polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG e visado polo colexio oficial.

7. AFORRO DE ENERXÍA:

O proxecto subscrito polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG e visado polo colexio oficial achega xustificación do cumprimento do CTE DB HE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

No Anexo I xustifica os apartados HE-3, HE-4 e HE-5 .

No documento denominado "Respuesta a requerimiento expediente de solicitud de licencia urbanística de obras la construcción de cuatro cabañas de uso turístico de naturaleza" xustifica o cumprimento do DB HE 4 de contribución mínima de enerxía renovable para cubrir a demanda de auga quente sanitaria. Indica a instalación dunha bomba de calor por aerotermia para xeración de ACS en cada unha das cabanas.

8. SALUBRIDADE:

O proxecto subscrito polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG e visado polo colexio oficial achega xustificación do cumprimento do CTE DB HS (achega cálculos de ventilación)

Indicase a localización da reserva e almacenamento inmediato na cociña das cabanas, situase na parcela espazo para catro contedores.

9. RUIDO:

O proxecto subscrito polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG e visado polo colexio oficial. achega xustificación do cumprimento do CTE DB HR.

10. OUTROS

10.1. ACCESIBILIDADE:

No Anexo I achegado incorpora xustificación de accesibilidade reflectindo o itinerario accesible no plano U-01 do Anexo

10.2 RESIDUOS.

O proxecto incorpora como anexo o cumprimento do RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición no orzamento existe un capitulo de xestión de residuos que ascende a 224,21€.

10.3 CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

O proxecto no punto 04 de documento anexos ao proxecto indica que se adxunta certificación segundo o programa acreditado CE3x que non se achega. Debera incorporarse ao proxecto.

10.4 ORZAMENTO.

O proxecto indica que a versión actualizada xustifica a viabilidade técnica e económica da incorporación da cuarta unidade. Mantén o PEM de 88.501,54€

ACTIVIDADE:

No proxecto incorpórase un apartado descritivo da actividade e cumprimento da normativa de aplicación:

Xustifícase o cumprimento das condicións establecidas no PXOM para o uso residencial comunitario e hoteleiro, en especial a ratio mínima de aparcadoiros (1pz/80m² cou por cada 3 dormitorios) establece 4 pz de aparcadoiros unha para discapacitados.

Achega o cumprimento do D 12/2017, de 26 de xaneiro, de ordenación de apartamentos turísticos. Conta con informe previo favorable de Turismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

No documento denominado ”Respuesta a requerimiento expediente de solicitud de licencia urbanística de obras la construcción de cuatro cabañas de uso turístico de naturaleza” xustifica as condicións de altura (superficie mínima e volume) dos dous tipos de cabanas.

CONCLUSIÓN:

Realizada a Comunicación previa de actividade achegada por ARCOMAR DESARROLLOS INMOBILIARIOS SL (****22***) para ACTIVIDADE DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS DUNHA CHAVE CONSTITUÍDOS POR CATRO CABANAS E PECHE FRONTAL E SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS PARA A SUA CONSTRUCIÓN., a documentación achegada resulta completa, axustándose á normativa urbanística e sectorial de aplicación así como presentación de rexistros e autorizacións. Segundo a documentación achegada é necesaria a construción das catro cabanas como nova para o que é precisa a obtención de licenza municipal segundo o artigo 142 da LSG.

A Inexactitude, falsidade ou omisión nos datos aportados na comunicación conlevará o establecido no artigo 26º da Lei 9/2013.

PROPOSTA::

Tendo en conta todo o anterior, salvo dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros informase FAVORABLEMENTE no seguinte senso:

1- **Toma da razón da comunicación previa de actividade de apartamentos turísticos dunha chave, dando por íntegra a documentación achegada así como o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación así como presentación de rexistros e autorizacións. A Inexactitude, falsidade ou omisión nos datos aportados na comunicación conlevará o establecido no artigo 26º**
2- **Concesión de licenza de obras para construción de catro cabanas e peche frontal na parcela con referencia catastral 6805506NH6960N0001XK no lugar de Colantres.**

Coas seguintes OBSERVACIÓNS:

- Deberá realizarse a cesión de terreos en documento público que será á rasante do viario ao que dan fronte sen interromper o curso das augas pluviais.
- Antes do inicio das obras deberá achegar nomeamento de director de execución e coordinador de seguridade e saúde.

Antes do inicio da actividade deberá:

- Comunicar previamente o inicio da actividade para proceder á preceptiva VISITA DE COMPROBACIÓN.
- Os terreos fora da aliñación ocficial estarán á rasante do viario ao que dan fronte sen interromper o curso das augas pluviais.
- Alta no IAE da actividade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Contar con contrato de conexión coas redes de servizo existentes. Deberase contar con contrato de abastecemento coa empresa Concesionaria Espina y Delfín, y con licencia de vertido e contrato para a conexión á rede de sumidoiros. As augas pluviais resolveranse no interior do predio.
- Achegar contrato con xestor autorizado no caso de xerar residuos non asimilables a RSU. Deberá solicitar a alta no padrón de lixo.
- Certificado da empresa instaladora da correcta execución e funcionamento dos sistemas de protección fronte ao lume. Contrato de mantemento das instalacións.
- Unha vez iniciada a actividade o concello poderá solicitar a realización de medicións de cara a xustificación do cumprimento dos índices de ruído emitidos pola actividade, obrando no expediente declaración responsable do titular da actividade de que a actividade non producirá un nivel sonoro superior á permitida para zonas de carácter residencial na Lei 37/2003.
- Copia do seguro de responsabilidade civil

E para que conste aos efectos oportunos expídese a presente salvo dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros
en Coirós a 28 de setembro de 2026
A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda "

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría municipal en data 08/10/2026, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras para construción de catro cabanas e peche frontal na parcela con referencia catastral 6805506NH6960N0001XK no lugar de Colantres a ARCOMAR DESARROLLO INMOBILIARIO SL., consonte o documento visado denominado "Versión refundida y subsanada del PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DE CUATRO CABAÑAS DE USO TURÍSTICO DE NATURALEZA" redactada polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo arquitecto col. 3060 COAG.

Segundo.- As actuacións axustaranse á documentación presentada e ao informe técnico emitido, coas seguintes advertencias:

- Coa documentación final de obra e solicitude de inicio de actividade achegarase certificado da empresa instaladora da protección contra incendios e contrato de mantemento.
- Antes do inicio da actividade debera contar con contrato coa empresa concesionaria das redes e licenza de vertido.
- Deberá achegar antes do inicio da actividade alta no IAE da actividade.
- Debendo solicitar a alta no padrón de lixo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Antes do inicio da actividade debera contar con contrato coa empresa concesionaria das redes e licenza de vertido.

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De obra maior: 50 euros.
- De licenza de actividade :50 €.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
  Orzamento de execución material: 88.501,54 €.
  Importe : **3.097,55** €

  TOTAL: 3.197,55 €

Cuarto.- Tomar razón da comunicación previa de actividade de apartamentos turísticos dunha chave, dando por íntegra a documentación achegada así como o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación así como presentación de rexistros e autorizacións. A inexactitude, falsidade ou omisión nos datos aportados na comunicación conlevará o establecido no artigo 26º.

Quinto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, a 8 de outubro de 2026.
O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

3.1. Padrón fiscal SAF setembro ano 2026. Expediente: 2026/X998/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF SETEMBRO ANO 2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 13/10/2026 09:07:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 13/10/2026 09:28:00)
Versión imprimible
CVD: lHyGrYvnp6/mRQWGeyRr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Nº Expediente: 2026/X998/000012

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de setembro de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 07/10/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2026, tal e como seguen:

MODALIDADE SERVIZO	Nº USUARIOS PAGAN	Nº USUARIOS EXENTOS	IMPORTES
SAF DEPENDENCIA	33	1	2.270,12€
SAF LIBRE CONCORRENCIA	6	2	226,08 €
TOTAIS	39	3	2.496,20 €

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA). A data de cargo dos recibos domiciliados será o 20/10/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a 8 de outubro de 2026

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Contratacións

4.1. Aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora de viais rurais en Os Chas e outros”. POS+2025, Ad4. Expediente: 2026/C002/000046

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

